

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2015.

A reunión celébrase no edificio administrativo de Campolongo e comeza ás 10 horas. Asisten o XT, Xefe de Inspección, Secretario e representantes de CIG, CCOO, STEG, FETE-UXT e ANPE.

A Orde do Día foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores de 15 de outubro e 19 de novembro.

Logo de introducirmos varias correccións por parte de CIG e STEG, apróbanse as actas de 15 de outubro e 19 de novembro.

Déixase pendente para unha vindeira xuntanza a acta de 17 de decembro.

2. Temas pendentes de xuntanzas anteriores.

2.1. Vacante no Equipo de Orientación Específica: cubriuse?

STEG reitera a pregunta e a resposta do XT é que non, pero que vai saír de inmediato. Modificarase o perfil da praza, pois todas as persoas do actual EOE son xa especialistas en TXD.

2.2. CEIP A Escardia: problemática AL e PT.

En anteriores xuntanzas comentouse xa por parte de STEG e de CIG este problema. Este colexio de Vilagarcía de Arousa ten AL compartido con CEIP de Rubiáns. Só vai 2 días á Escardia (o curso pasado ía 3) e en realidade é profesor de Inglés con AL (atende a iniciación de inglés en varias unitarias de Vilagarcía), non de AL con inglés como se pediu. A secretaria do centro é a PT e non ten horas abundas. Hai tres nenos diagnosticados con TDH e necesitan outro PT/AL. A dirección do centro vai reclamar isto a través do Consello Escolar. O XT dixo que mandaría o E. de O. Específica ao centro e que revisaría o seu plan de atención á diversidade. Na reunión do 17 de decembro o XT comentou que non lle mandaran do centro ese plan aínda e que continuaba pendente de enviar o E.deO.Específica, de maneira que ficaba o tema enriba da mes para unha vindeira xuntanza, a que hoxe realizamos.

O XT engade agora que segundo lle comunica a Inspección, o tema está resolto. Desde CIG e desde STEG replicamos que en absoluto, pois non houbo visita do EOE e a demanda do centro non foi atendida. O XT comprométese a revisar a cuestión e mandar resposta á Permanente co que haxa. CIG e STEG adiantan que, se non é así, levaremos de novo a cuestión á próxima xuntanza.

2.3. Programacións educación primaria

Na anterior xuntanza preguntáraselle ao XT polo modelo que Inspección e CEFORÉ quedaran de elaborar (Ciencias Naturais para Terceiro curso de Primaria) e mandar aos centros, a fin de ter un exemplo guía para as programacións.

O Inspector Xefe calculara daquela que estaría rematado ese modelo nas vacacións de Nadal e que logo se enviaría aos centros xunto con un guía detallado para a elaboración homoxénea e pautada das programacións, por competencias.

Preguntáraselle entón se ese envío de guía e modelo ía significar ter que adaptar no segundo trimestre as programacións feitas ou aínda por rematar neste curso 2014/15 ou se debía entenderse que sería unha axuda pensada máis ben para o inicio do curso que vén. O XT e o IX declinaron contestar en termos claros esta pregunta na reunión do 17 de decembro.

Agora o XT e o Inspector-Xefe indican que o modelo-guía non estará rematado antes de marzo, e aínda así hai que agardar tamén pola nova orde de avaliación para poder incluír este aspecto e que vaia así o modelo-guía completo. A súa utilidade será máis ben para o curso que vén. Desde todas as OO.SS. reclamamos compromiso por parte de XT e IX de que non se lle vai esixir a ningún centro a estas alturas do curso xa que adapte as programacións presentadas.

2.4. Solicitude AL CEIP Escultor Acuña.

XT indica que non se vai cubrir esta demanda.

2.5. Estado obras talleres carpintería CIFP A Xunqueira.

Falta reunirse aínda cos Departamentos afectados. Hai un serio problema de falta de diñeiro no RAN para cubrir o gasto total destas obras, polo que se van buscar outras fontes, como o fondo Social Europeo. No que queda deste curso as obras non comezan; a ver se no curso 2015-16.

2.6. EEI Vila Laura: solicitude de medio PT e medio AL

A Inspectora de zona, reitera o XT, sinala que non hai necesidade deses medios PT e AL que se solicitan. CC.OO. insiste en que si.

2.7. Situación AL do CEP Caldelas de Tui

O citado centro denunciara xa antes do Nadal que se incumpría o acordo ao que chegou con outros colexios e coa consellería a comezos de curso sobre reparto de medios de atención á diversidade. O seu AL, compartido con Randufe, só vai unha vez á semana. O XT indica que desde a inspección se lle insiste en que as necesidades do centro están debidamente cubertas.

2.8. Solicitude coidadora para o centro CEIP Chancelas, de Poio.

O XT sinala que xa foi concedida e que xa se incorporou ao centro.

2.9. Adscrición centros de primaria aos institutos da zona de Coia-Vigo.

Está feita xa a proposta de nova zonificación e só un centro, o IES Alexandre Bóveda, que absorbería o alumnado de tres centros, expresou reparos á mesma. Agora falta o informe preceptivo do Consello Escolar Municipal de Vigo.

2.10. Solicitude material CEIP Antonio Blanco Rodríguez

Problema neste centro de Covelo cos vales para material de libros de texto, pois teñen implantado sistema de libros dixitais e o centro negociou coas editoriais 4 anos de uso deses libros. A Dirección Xeral de centros non lles acepta eses vales. Despois de estudar se había fórmula xurídica para solventar o embolado e englobar isto no programa e-disgal, esa Dirección Xeral conclúe que non hai xeito de encaixalo, pois o centro non se acolleu no seu día a ese programa.

2.11. Apoio infantil no CEIP Castelao

O XT sinala que a situación hai que resolvela de xeito definitivo o curso que vén; mentres tanto neste curso a docente con problemas fai na práctica de orientadora.

2.12. Protocolo medicación do alumnado por parte do profesorado

ANPE pregunta de novo pola existencia dun protocolo ou instrucións concretas para que o profesorado administre medicación ao alumnado. XT remítese de novo ao Programa de Alerta Escolar. Distintas OO.SS. sinalamos a conveniencia de que nos futuros ROC de Primaria e de Secundaria fiquen ben explicitadas as instrucións para o profesorado nese aspecto. O XT alude á existencia de xurisprudencia que indica que os parámetros de atención esixíbeis ao profesorado a respecto do alumnado que poida ter problemas médicos son equiparables, en grao de responsabilidade, aos dos pais, nais ou titores legais e que, por riba das instrucións concretas que se poidan dar sempre está o “deber de auxilio”.

3. Xubilacións curso 2014/15

Demándanse datos ao XT sobre xubilacións rexistradas no ano 2014 e ofrece estes:

En Primaria, no 2014, 155 xubilacións e no que vai de 2015, 51, o que fai un total de 206 a día de hoxe. En Secundaria, no 2014, 121 xubilacións e no que vai de 2015, 53, o que fai un total de 174 a día de hoxe. Sumadas as de Primaria e Secundaria saen 276 en 2014 e, no que vai de 2015, polo de agora, 104.

4. CRA María Zambrano

CIG formula petición de 1 coidador para ese centro. XT replica que non, porque á familia que o demanda déuselle opción de facer desprazamento de menos de 2 km. (entre Pías e Couso) e non aceptou. Estamos falando de ensino non obrigatorio.

5. Queixa pola demora en cubrir baixa de AL en Tui

O XT reconece que se produciu esa demora, pero escúdase en que nese instante xa non quedaba xente da que tirar na lista de substitucións e, de feito, houbo que abrila para poder atender máis necesidades e peticións que chegan á Consellería. Explica que é costume tramitar nomeamentos de substitucións os martes e os venres de cada semana.

6. Rolda de intervencións

CCOO solicita que a XT reclame de Santiago un estudo detallado dos datos da implantación da nova FPBásica semellante ao que está colgado na web da Consellería en 2010. O XT comprométese a solicitalo.

CCOO reclama da XT entrega do novo listado de asignacións de zona dos inspectores da provincia de Pontevedra e o XT comprométese a enviala en pdf a todas as OO.SS.

CCOO protesta pola actitude da consellería de deixar ao albur das direccións a decisión diante da alerta meteorolóxica destes días pasados. STEG súmase á protesta e recorda que xa se abordou noutras reunións da Permanente co XT esta cuestión, de maneira que haberá que agardar a ver se o novo conselleiro corrixe esta actitude “escaqueadora” de responsabilidade do seu departamento.

CCOO pregunta pola circular 14/2014 que restrinxo o emprego de materiais audiovisuais nos

centros educativos. O XT atribúe a responsabilidade última desa restrición á actitude da SGAE.

FETE pregunta polo incremento de subvencións ao ensino privado e o XT nega que se estea producindo ese incremento.

FETE pregunta se o IES de Teis se vai converter en CIFP e o XT contesta que rotundamente non, pero que si é certo que ese centro ten un problema grave de espazos para absorber toda a FP que imparte.

FETE pregunta pola fórmula de cálculo de gasto promedio dos comedores escolares para a asignación orzamentaria que dá a Consellería a cada un deses comedores.

FETE pregunta se vai haber novo edificio para o Colexio Cruceiro de Vilalonga.

FETE pregunta sobre a data prevista de publicación do novo currículo e optativas de Secundaria.

ANPE pregunta por criterios na xestión das baixas.

CIG pregunta sobre obras pendentes na EEI A Guía de Vigo

O Presidente da Xunta de Persoal Docente demanda do XT dotación dunha impresora nova.

O XT dá conta da sentenza sobre un preito presentado por unha profesora expedientada contra a Consellería e sinala que a sentenza desestima as pretensións de declaración de indefesión por parte da citada docente. ANPE reitera o seu criterio de que ese caso desas docente nunca debía ter sido abordado desde a apertura dun expediente disciplinario, senón como cuestión humanitaria e de saúde.

Tamén dá conta o XT de que a exdirectora do Lope de Vega de Vigo, cesada e sancionada no seu día polo tema dos cobros irregulares na xestión do comedor escolar, foi denunciada nos xulgados de Vigo por un grupo de 61 pais e nais por "apropiación indebida".

E non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión sendo as 12.30 horas.

STEG